por obxecto trasladar una cheminea dende un punto do solar no que se ubica a outro punto do mesmo solar".

VOTACIÓN E ACORDO

A Xunta de Goberno, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes acordou aprobar, nos seus propios términos, a proposta transcrita.

**6.- ROGOS E PREGUNTAS**

Non houbo intervencións neste punto.-

E, non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia dase por rematada a presente sesión, sendo as catorce horas e vinte minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que, se extende a presente acta, que se inscribiu no Libro dende o folio núm. 125 do Papel Timbrado da Comunidade Autónoma de Galicia, Serie A Nº 1179223 ata a volta do folio núm. 127, Serie A núm. 1179225 de todo o que, como Secretaria do presente acto, DOU FE.-

O ALCALDE — A SECRETARIA XERAL

XAIME REI BARREIRO — ANA BEGOÑA MERINO GIL

**SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 30 - NOVEMBRO - 2006**

**ORDE DO DIA**

1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

2.-SOLICITUDE CAMBIO DE VEHICULO LICENZA MUNICIPAL DE AUTOTURISMO.

3.- INFORME PROXECTO CONEXIÓN DA AUTOVIA A-57 COA REDE ARTERIAL DE VIGO E ACCESO AO AEROPORTO DE PEINADOR.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Na Casa do Concello de Redondela, sendo as nove horas do día trinta de novembro de dous mil seis, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. XAIME REI BARREIRO, e a asistencia dos/as Sres./as Concelleiros/as: D. EDUARDO JOSE REGUERA OCAMPO, D. EMILIO GONZALEZ IGLESIAS, Dª. MARIA ALBINA REBOREDO SURIS, D. CARLOS PAZOS DOCAMPO, D. MANUEL PÉREZ PARDO e actuando como Secretaria a Secretaria Xeral da Corporación, DONA. ANA BEGOÑA MERINO GIL, constitúese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, conforme á convocatoria e de acordo coa Orde do Día.

NUMERADO
PORACIÓNS
OCAIS

Non asisten, excusando a súa ausencia a concelleira: Dª. MÓNICA CARREIRA COUÑAGO e Dª. CECILIA PÉREZ ORXE.

A Presidencia declara aberta a sesión en primeira convocatoria, procedéndose a tratar os puntos da Orde do Día.-

**1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-**

Non se formulan observacións, e a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros presentes acorda prestar aprobación á acta da sesión celebrada con carácter ordinario pola Xunta de Goberno Local o día 20 de novembro de 2006.-

**2.-SOLICITUDE CAMBIO DE VEHICULO LICENZA MUNICIPAL DE AUTOTURISMO.**

Vista a proposta do Concelleiro delegado de Transportes, Feiras e Mercados, Turismo e Emprego que, transcrita, dí:

Vista a instancia asinada por **DON TOMÁS JESÚS LAGO CABALEIRO**, titular da licencia municipal de auto-turismo nº **1** solicitando autorización para proceder á sustitución do vehículo marca **Seat**, modelo **Toledo**, matrícula **1881 BK**, que ten adscrito ó Servicio Público, polo novo vehículo marca **mercedes**, modelo **E220**, matrícula **2053 DTL**.

Despois de examinar a documentación que aportou o interesado e o informe técnico favorable, o Concelleiro delegado de transportes, feiras e mercados, turismo e emprego, ten a ben propoñer á Xunta de Goberno Local, adoptar o seguinte acordo:

Autorizar a sustitución solicitada e a adscrición do novo vehículo á devandita licencia, debendo pintar en ámbalas dúas portas dianteiras do vehículo o escudo da vila e mailo número da Licencia Municipal, número que tamén se pintará na luneta posterior, dotándoas de luz para a súa percepción durante a noite, extremos que se cumprirán antes da posta en servicio do automóbil. (Taxa: 14,47.- euros, xa ingresados)-.

VOTACIÓN E ACORDO

A Xunta de Goberno, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes acordou aprobar, nos seus propios términos, a proposta transcrita.

**3.- INFORME PROXECTO CONEXIÓN DA AUTOVIA A-57 COA REDE ARTERIAL DE VIGO E ACCESO AO AEROPORTO DE PEINADOR.**

Vista a proposta dos voceiros dos grupos municipais do PS de G-PSOE, BNG e EU-IU que, transcrita, dí:

"Con data 27.10.06 recibiuse comunicación da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental do Ministerio de Medio Ambiente dando conta da iniciación do período de consultas en

relación co proxecto "CONEXIÓN DE LA AUTOVÍA A-57 CON LA RED ARTERIAL DE VIGO Y ACCESO AL AEROPUERTO DE PEINADOR".

Logo de estudado o proxecto polos servizos municipais, procede facer as seguintes consideracións, aos efectos de que sexan tidas en conta tanto no correspondente Estudo de Impacto Ambiental como nos acordos que en relación con este asunto se adopten polos órganos competentes:
1ª Segundo o informe do Arquitecto Municipal non hai suxerencias que facer desde o punto de vista medioambiental, dadas as conclusións tan imprecisas do estudo informativo.

2ª Dadas as repercusións tan negativas nos ámbitos ambiental, social, urbanístico, etc., débese desbotar a posibilidade contemplada no punto 7.4.4 de un trazado próximo á costa e cun cruzamento sobre a ría.

3ª A proposta da autovía evitará calquera trazado que discorra polos núcleos urbanos do Concello de Redondela, polo impacto social e urbanístico que ocasionaría.

4ª Dado o forte impacto que unha infraestrutura destas características provoca no territorio que se somete a estudo, o trazado proposto deberá ter a menor lonxitude posíbel entre a actual proposta da A-57 e Vigo e o seu aeroporto, para evitar as enormes afeccións que suporían a construción de dúas autovías con trazados paralelos atravesando varios concellos.

VOTACIÓN E ACORDO

A Xunta de Goberno, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes acordou aprobar, nos seus propios términos, a proposta transcrita.

**4.- ROGOS E PREGUNTAS**

Non houbo intervencións neste punto.-

E, non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia dase por rematada a presente sesión, sendo as nove horas e dez minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que, se extende a presente acta, que se inscribiu no Libro dende a volta do folio núm. 127 do Papel Timbrado da Comunidade Autónoma de Galicia, Serie A Nº 1179225 ata a volta do folio núm. 128, Serie A núm. 1179226 de todo o que, como Secretaria do presente acto, DOU FE.-

O ALCALDE

XAIME REI BARREIRO

A SECRETARIA XERAL

ANA BEGOÑA MERINO GIL